


- 1 Le atentamente esta invitación prestando especial atención aos detalles.



- 2 Tapa o texto anterior e completa a táboa cos datos da invitación.

Título do libro	.....
Nome completo do autor	.....
Data e hora da presentación	.....
Localidade onde se presenta	.....

- 3 Sen volver mirar o texto, rodea os seis erros que contén esta invitación.

A Editorial Letras ten o pracer de convidarte á presentación do libro *A illa das tormentas*, de Xoán Lourenzo Meira, coautor da recoñecida obra *As desventuras de Mara Gota*.  
 O acto de introdución terá lugar o próximo martes, día 4 de abril ,ás 18:00 h na librería Píntega de Vilanova dos Marqueses.  
 Ao final do acto ofreceranse bebidas refrescantes e bocadillos.  
 Para clausurar a presentación, o autor regalará exemplares do seu libro.

- 4 Completa estas oracións con palabras que aparezan na invitación da actividade 1.

- As ..... do ..... pasado foron daniñas para o campo.
- Os pais do meu ..... Antón abriron unha ..... na praza.
- O ..... mes de ..... comezan as olimpíadas matemáticas.

- 1 Le a seguinte invitación tres veces: primeiro coma se recitases un poema, logo coma se estiveses enfadado e, por último, coma se che dese un ataque de risa.

\_\_\_\_\_ Editorial Letras \_\_\_\_\_

Benquerido amigo:  
 A Editorial Letras ten o pracer de convidarte á presentación do libro *A illa das tempestades*, de Xoán Lourenzo Meira, autor da recoñecida obra *As desventuras de Mara Gota*.  
 O acto de presentación terá lugar o próximo martes, día 4 de abril, ás 18:00 h na librería Píntega de Vilanova dos Infantes.  
 Ao final do acto ofreceranse bebidas refrescantes e canapés.  
 Para clausurar a presentación, o autor asinará exemplares do seu libro.

Cal das tres lecturas fixeches máis rápido? .....

- 2 Le o comezo d'*A illa das tempestades*. Fíxate en que hai algunha palabra incompleta.

Mentres subía ao hidromóbil, Branca deuse de conta de que con ese xesto estaba incumprindo a terceira norma grave en menos de dous minutos. Púxose en marcha nuns segundos, xusto o que tardaron os gardiáns en saír da casa e descubrir o que estaba a piques de facer. Branca sorriu e díxolles adeus coa man, mentres coa outra agarraba os mandos da nave. Na parte de atrás, dentro da mochila, estaba ben gardado o tesouro que causara esta fuxida.

Escribe as palabras que non estaban completas: .....

- 3 Le tan rápido como poidas as cinco columnas de sílabas e cronometra o tempo que tardas.

co	es	vol	bro	mei
ga	ob	xan	fla	pou
ti	al	mis	dro	io
que	ur	far	cla	pai

Tempo: .....